

para que las revelase y publicase. El fin es para el mal de piedra y de orina. Y en dichos tomos hay otras piezas conducentes. Es obra de toda moda. En todo caso atente a tu agua de mexadeira y a tu malvavisco, y a tu régimen y ejercicio ²⁵.

DEFENSA DAS BRUXAS-MENCIÑEIRAS

O sabio galego fará unha defensa, sen concesións, da sabedoría popular e dos coñecementos dos "rústicos" e "bárbaros". Nesta liña, como non podía ser menos nun defensor da experiencia sensible, recoñecerá o saber das supostas "bruxas", sandadoras por tradición, depositarias da medicina natural.

AS SANDADORAS, MENCIÑEIRAS EN GALICIA, FORON, MAIORITARIAMENTE, AS PRIMEIRAS MÉDICAS E ANATOMISTAS DA HISTORIA OCCIDENTAL. ACTUABAN COMO ENFERMEIRAS E CONSELLEIRAS, FORON AS PRIMEIRAS FARMACÓLOGAS MERCÉ ÁS HERBAS MEDICINAIS QUE CULTIVABAN E DAS QUE SE COÑECÍAN OS USOS, VIRTUDES E PERIGOS.

Tamén actuaron como comadronas, indo polas casas e polas aldeas, vilas e cidades. Ó longo de moitos séculos exerceron a medicina sen título, transmitindo as súas experiencias de nais a fillas ou entre veciñas. Para as xentes do pobo eran mulleres sabias ou sandadoras, pero a partir do momento en que a medicina se profesionaliza, esíxese unha formación universitaria, vedada ás mulleres, e os homes fanse cargo da profesión.

A partir dese momento, as menciñeras pasan a ser consideradas bruxas perigosas e son perseguidas de maneira feroz na Europa dos séculos XIV ó XVII, ata ben entrada a "idade da Razón", como sinalan Bárbara Ehrenreich e Deirdre English (1973). No panorama hispano de tempos de Felipe V, 1600 persoas morreron queimadas por esa razón e no ano 1782 aínda hai constancia da queima dunha "bruxa" en Sevilla. En Europa, entre os séculos XIII e XVII, un 17% da poboación morreu na fogueira, fundamentalmente mulleres, acusadas de delitos de bruxería.

Recentes traballos como os de Escohotado (1994), Font Quer (1993) e Gómez

²⁵ SARMIENTO, Fr. Martín, "Carta a su hermano Javier (15-2-1758), Comunicando el envío de dos cajones llenos de cosas y de semillas de plantas, Febrero, 15 de 1758". En Filgueira, X. & Fortes, M. X. (eds), *Fr. Martín Sarmiento, Epistolario*, Consello da Cultura Galega, Santiago de Compostela, 1995.

Fernández (1997) indican que o estudio dunha parte da etnobotánica da Idade Media e da botánica oculta de Paracelso revela que o coñecemento dos principios tóxicos de certos vexetais velenosos foi un dos principais motivos polos que numerosas persoas foron acusadas de bruxería e de pactar co demo. O citado autor fai unha descrición dos principios activos que contiñan moitas das plantas utilizadas polas sandadoras, supostamente bruxas e feiteceiras, e conclúe que eran grandes coñecedoras dos vexetais e dos seus principios activos:

É ben probable que estas feiteceiras comezaran como curandeiras recitando diferentes plantas tóxicas de benéficas propiedades en doses menores, pasando pouco a pouco a doses máis fortes, descubriendo os efectos psicotrópicos que posuían. Sen dúbida estas personaxes, principalmente femininas, arriscaban moito, pues ninguén cría daquela que, aplicados exteriormente ou tomados en pequenas doses, os velenos fosen remedios eficaces [...] Se estas plantas se atopaban en mans dunha muller, inmediatamente era considerada envelenadora ou fabricante de pocións malignas e, unha multitude cega e cruel podía matala ás patadas, afogala ou condenala á fogueira.

Cómpre matizar que no século XVI comeza o desenvolvemento da farmacopea de mans do controvertido Paracelso, que establece que o feito de que un remedio sexa maligno ou curativo depende da dose e da "complexión" da persoa. Actualmente está recoñecido o seu papel de precursor da química médica. Pois ben, este famoso persoeiro non tiña reparo en afirmar que canto sabía de remedios ás bruxas llo debía.

Frei Martín, pola súa parte, disertará contra a ignorancia dos médicos galenistas do seu tempo, entre outras cousas, porque os estudos de medicina non comprendían ensinamentos experimentais e baseaban a maior parte dos seus coñecementos en asuntos metafísicos, recorrendo á imposición de mans, ás sangrías e ás sambesugas como métodos curativos. Esa era, no tempo da caza de bruxas en Europa, e no século XVIII en España, con honrosas excepcións, a situación da chamada ciencia médica. Non é estraño, pois, que o benedictino, un home con independencia de criterios, defendese e tratase de aprender dos coñecementos das bruxas, ó estilo de Paracelso.

Frei Martín non aproba a caza de bruxas; non só non as condena senón que procura xustificar e desmitificar as súas prácticas, indicando que os seus coñecementos proceden da experiencia e da tradición. Chega mesmo a sinalar que lle gustaría posuír un catálogo dos ensalmos das "bieiteiras". Trátase dunha posición ben excepcional nun relixioso-ilustrado ortodoxo. No texto que se reproduce a seguir, ademais de salientar os coñecementos que estas posúen, indica que se debe distinguir entre o que saben por tradición "xentil" e por tradición cristiá. Véxase unha mostra do que se vén de afirmar:

Viejas. Diré que las virtudes de los vegetables que saben las viejas son las primitivas. No las ynventaron; sabenlas por tradicion, desde que el tiempo que los eclesiasticos exercian la Medicina, y de hay tambien sus ensalmos por haber oido curar con Psalmos. De ay en Gallego Bieiteiras²⁶.


Os escritos do frade bieito son pródigos en exemplos nos que mulleres e homes, sen instrucción formal, curan enfermidades por telo aprendido doutras persoas ou pola súa aplicación sen necesidade de título facultativo. Respecto desta cuestión reproducése unha pequena escolma representativa do pensamento sarmentiano:

Es poco o nada lo que han inventado los Facultativos Juramentados en Gremio para que solo ellos pasen por racionales, y todos los demás por Brutos. Las mas utiles invenciones las tenemos ó del acaso, ó de los Animales, o de los Barbaros, ó de los Rusticos, ó de las Mugeres y Niños [...] ²⁷

En lo poco que estando yo en Galicia observé de plantas puedo decir que más aprendi de las Viejas, y de los Muchachos, que de los Ciudadanos, y de los facultativos [...] ²⁸

Hay hoy el abuso de que muchos vulgares se entremetan en Ciencias de eruditos, y no es menor el que los eruditos se hayan apropiado como suya la Botanica mas propia de los vulgares²⁹.

Seguindo coas múltiples disertacións do insigne bieito verbo dos coñecementos de plantas medicinais, cunha retranca galega ben divertida, reflexiona sobre a presunción dos homes de ser racionais. Frei Martín asegura



SANDADORAS

²⁶ SARMIENTO, Fr. Martín, Vol X, Col. Dávila, Mss.20385, 20386, o.c., fol. 37.

²⁷ SARMIENTO, Fr. Martín, Vol. 2º de la Obra de 660 Pliegos, o.c., fol. 540.

²⁸ SARMIENTO, Fr. Martín, Apuntamientos para un Proyecto de formar en España un Sistema de Botánica y una Historia de sus vegetables..., o.c., fol. 15.

²⁹ SARMIENTO, Fr. Martín, Apuntamientos para un Proyecto de formar en España un Sistema de Botánica y una Historia de sus vegetables..., o.c., fol. 15.

que nesta categoría están por detrás dos que se supón "inferiores". As mulleres, máis próximas ó estado de natureza e menos contaminadas polas disputas inútiles do escolasticismo dominante nas universidades, dirá o erudito frade, saben máis por experiencia e tradición que os que se dan de resabidos na materia. Escoitémolo:

No ay principio alguno Natural Theorico; ni Axioma [...] del qual pueda el Hombre deducir con evidencia la mas mínima virtud Medicinal de un Mixto; si no recurre a sus cinco sentidos y a la experiencia repetida y continuada por algunos siglos [...] Las virtudes las descubrieron los Animales mediante su instinto.

LAS VIEJAS RUSTICAS, Y ALDEANAS [...] HAN DESCUBIERTO MUCHAS QUE CONSERVAN TENAZMENTE, PARA CURARSE, Y CURAR A SU FAMILIA, Y A OTROS; POR TRADICION, Y POR EXPERIENCIA. [...] DESPUES DE ANIMALES, SALVAXES, VIEXAS, Y NIÑOS, SE SIGUE EL HOMBRE, QUE HACE DE MUI RACIONAL; PERO TANQUAM TABULA RASA; Y EN EL ASUMPTO PARA MALDITA LA COSA; SINO LA RROVA DE ANIMALES, SALVAXES, VIEXAS, Y NIÑOS³⁰.

47

Alguén podería pensar que Sarmiento utiliza unicamente a retórica do discurso nesa defensa das menciñeiras e que, como acontece tantas veces na centuria ilustrada, a súa actitude é contradictoria coas ideas que defende. Non é tal, como se pode apreciar na súa correspondencia, na que recorre ó coñecemento das mulleres con nome e apelidos. Como outras veces, Sarmiento escíbelle ó seu irmán Javier con recomendacións para a súa afección renal:

Hay otra famosa planta para el mal de piedra [...] Esta se llama gayuba y en latín uva ursi. Escribí un pliego sobre ella. Si la hay por allá te le remitiré. El modo de averiguarlo es el siguiente:

Busca una Mari-Diz y otra rústica de las vecindades del Seixo. La antigua Mari-Diz me hizo venir ahí del Seixo la planta llamada arando y con ese nombre [...] La gayuba viene a ser una planta rastrera, como especie de arando [...]³¹

Pero o frade bieito irá máis aló cando afirme que *as mulleres son as mellores coñecedoras das súas enfermidades e deben escribir os seus propios tratados de moral*. A propósito dunha carta que escribe en 1758 ó duque de Medina-Sidonia sobre a enfermidade da raíña, referirase, como noutras ocasións, ós coñecementos que

³⁰ SARMIENTO, Fr. Martín, Vol. 3º de la Obra de 660 Pliegos, o.c., fol. 345.

³¹ SARMIENTO, Fr. Martín (18-VII-1759). "Carta a su hermano Javier: Sobre la carqueixa, el bidueiro, la saxi-fragia" y otras plantas, Julio, 18 de 1759". En Filgueira, X. & Fortes, M. X., Fr. Martín Sarmiento. Epistolario, o.c.

posúen as mulleres sabias por tradición e por experiencia, moito máis eficaces que as sangrías e as especulacións dos médicos da época.

Lémbrese que frei Martín Sarmiento non compartía o discurso médico da época, impregnado de bioloxicismo, que determinaba o diagnóstico e tratamento das enfermidades das mulleres. Estas, coñecedoras dos seus males por tradición e con menos prexuízos, serían máis propias para curar as súas enfermidades. Este convencemento levará a recomendar este tipo de atención para a enfermidade da raíña, e non dubida en manifestarlllo así ó duque de Medina-Sidonia.

Na mesma carta recollerá o sentir de moitas mulleres eruditas e reivindicará que sexan as propias mulleres as que escriban os seus tratados de moral para que os homes deixen de impoñerlles o que deben facer e pensar:

De las enfermedades peculiares de las mujeres saben poco los hombres y tienen poco ejercicio de conocerlas y curarlas, siendo así que las mismas mujeres que las padecen por tradición de unas a otras, o la sage femme por tradición, porque las ha padecido y porque tiene ejercicio y conocimiento experimental, las suele curar con una patarata y con prontitud.

Diráseme que en los libros hay las enfermedades de las mujeres y sus remedios y que en los libros del moral hay moral para las mujeres también. No lo niego. También hay en los libros medicina para curar los halcones y los perros y aún otros animales, pero puesta la hipótesis de que los perros y halcones escribiesen medicina para sus respectivas especies, nos reiríamos de la que para ellos está [escrita] en los libros.

[...] Quiero decir, en suma, que para las enfermedades peculiares de mujeres son más propias para curarlas las mujeres que no los hombres. No faltará alguna sage femme de habilidad, inteligencia, experiencia en sí o en otra y que tenga ejercicio de saber lo que hace. Esta se debía buscar al principio [...] para que actuase en la enfermedad [...] Y para el mayor acierto se podrían llamar tres mujeres de esas, que todas observasen el estado de la reina [...] y que después informasen a los médicos para que se tomase la resolución conveniente³².

Excusado será dicir que as recomendacións feitas por frei Martín non son tomadas en conta polo seu ilustrado amigo. Sábese da morte da raíña pola correspondencia posterior, pero non hai nin a máis mínima referencia ós consellos de Sarmiento.

³² SARMIENTO, Fr. Martín, "Carta de Fr. Martín Sarmiento al Excmo. Duque de Medina Sidonia, Septiembre, 9 de 1758, Sobre la enfermedad de la reina y la ignorancia de los médicos". En Filgueira X. & Fortes, M. X., *Fr. Martín Sarmiento, Epistolario*, o. c.

FREI MARTÍN FAI VISIBLES ÁS MULLERES

Son numerosísimos os textos nos que frei Martín Sarmiento escribe en masculino e en feminino, caso ben excepcional no século XVIII e práctica que aínda hoxe segue despertando polémicas, a pesar da súa crecente asunción por parte das institucións. Tamén analiza, repetidamente, como van afectar especificamente ás mulleres determinadas actuacións como a instalación de "fábricas" ou a comercialización destes ou daqueles outros produtos. Diríamos, en linguaxe actual, que o erudito frade utiliza o xénero como categoría de análise.

Nesta liña, nun importante escrito sobre o deseño para a elaboración dunha Historia Natural, propón que ademais do equipo especializado se conte con diversos colectivos. Para tal fin, Sarmiento divide ás persoas que habitan en España en "clases" nas que se poden incluír todos os individuos, de tal maneira que cada unha desas clases dea noticia do conxunto de vexetais que lle corresponda. Estas "clases" van desde o "Rey" ata os "Yndianos", pasando polos "Médicos, Chimicos", etc. Non esquece frei Martín as achegas que poderán facer as "Mugeres":

Y siendo cierto que las Mugeres podran concurrir mucho, suponganse comprendidas en cada una de las clases respectiva substituyendo [por] Amas, Criadas, Sobrinas etc. para los Eclesiasticos, quando las huviese³³.

A PREOCUPACIÓN POLO BENESTAR DAS MULLERES E O RECOÑECEMENTO DOS SEUS TRABALLOS SERÁ UNHA CONSTANTE DA OBRA SARMENTIANA.

Nun tempo no que se discute da industrialización a gran escala fronte ás industrias populares, case sempre en mans de mulleres, o frade bieito arremete teimosamente contra os que pretender explotar as galegas que tecen o lenzo, actividade exclusivamente feminina.

¿QUE NECESIDAD TIENE UNA GALLEGA PARA HILAR, Y TEXER UN PAR DE TELAS, Y VENDERLAS Á QUIEN QUISIERE DE QUE SE LEVANTE UNA COMPAÑÍA DE AVARIANTOS OCIOSOS, QUE HAYAN DE COMER, Y TRIUNFAR Á COSTA DEL TRABAJO, Y SUDOR DE LAS

³³ SARMIENTO, Fr. Martín, *Apuntamientos para un Proyecto de formar en España un Sistema de Botánica y una Historia de sus vegetables...*, o.c., fol. 15..

GALLEGAS?. DIGO DE LAS GALLEGAS, PUES SOLO ELLAS TIENEN LA MANIPULACION DEL LINO DESDE QUE SIEMBRAN LA LINAZA HASTA QUE SE PONE UNA CAMISA³⁴.

Algúns historiadores da economía actuais acusan o frade de retrógrado por opoñerse ó que se considera progreso debido á implantación do capitalismo, xa que a instalación de "fábricas" permitiu un desenvolvemento industrial que en Galicia non tivo lugar. Pola contra, outros historiadores, e modernos estudos que utilizan o xénero como categoría de análise, salientan que o fomento da industria popular, case sempre feminina, foi quen de facer progresar determinadas rexións da propia Inglaterra, berce da Revolución Industrial.

Seguindo coa súa teima de conseguir a felicidade [benestar] das mulleres, ocupárase frei Martín do cultivo da seda. Citando un libro do Padre Du Halde, xesuíta avecindado en China, fala da invención da seda naquel país, obra da emperatriz "Salino-Juen-Fei" muller do Emperador "Hoang-ti". Indica o frade que as mulleres xa teñen ó seu coidado a fabricación do liño e a crianza das galiñas e doutros animais, así que non será difícil que asuman a tarefa de fabricar seda:

Y estan los Chinos en que el exercicio de las Emperatrices, y de todas sus Damas era la fabrica de la seda teniendo á mano un grande plantio de Moreras, ó Morales.

Reflexiona el P. Du Halde [...] lo primero para exercitar a las Princesas, y Señoras de Calidad y en general a todo el Pueblo a la Crianza de los Gusanos de seda. Los xesuítas son que en muchas y grandes Provincias apenas hay casa en donde no haya fabrica de seda y plantio de algunos morales³⁵.

Repara frei Martín nas ilustracións que aparecen no libro do xesuíta e observa que as operarias son maioritariamente mulleres:

[...] Pone el mismo Du Halde una grandisima lamina con 14 Maquinas para la Manipulacion de la Seda hasta la del telar. Y reparo que en todas estan solo Mugeres como operatrices, excepto una en que están dos Hombres pesando los Capullos.

Habiendo inventado la seda las Señoras de la China, no es desproposito que yo proponga a las Señoras de España, y en especial a las de Galicia el exercicio de la crianza de los Gusanos. A las Señoras Casadas para diversion y no poco util. Y á las viudas retiradas con sus Hijas solteras para tener un honestisimo lucro con que puedan vivir y alimentarse, si no tienen renta, ó pension³⁶.

³⁴ SARMIENTO, Fr. Martín, Vol. 1º de la Obra de 660 Pliegos, Vol. XIII, Col. Dávila, Ms. 20390, o.c., fol. 554.

³⁵ SARMIENTO, Fr. Martín, Pensamientos Crítico-Botánicos..., o.c., fol. 109.

Insiste na súa condena ós monopolios ou "monipodios" que, na súa opinión, unicamente atenden ó lucro e á "avaricia desalmada", gabando a utilidade do traballo das mulleres e proponendo a fabricación da seda, para o seu benestar, ocupándose especialmente das galegas. Segue a disertar, Sarmiento, acerca do beneficioso que sería o cultivo da seda e engade:

Y la circunstancia de haberlos introducido [los gusanos] dos Monges me hace creer, que los Primitivos Monges Orientales tenian por labor de manos la fabrica de la Seda, como ya hoy la tienen en el Levante. A la verdad es el ejercicio mas propio para gente retirada en los Despoblados sean Monges o Monjas. Y para las Mugerres que en los Poblados viven con alguna reclusion. Es verdad, que como las mugeres Orientales viven con tanta reclusion, que es increíble en Europa: aquellas son mas propias para el asunto.

Digo mas propias, no mas habiles, pues sobre habilidades les sobran a las Mugerres españolas para el trabajo de criar los gusanos de la Seda y no falta tiempo á las que por no salir al Campo viven retiradas en sus Casas. Asi digo, que sería muy util al Publico, que las Señoras; las Monjas, y los Monges se dedicasen a aquel trabajo, en el qual se podran interesar mucho, y honestisimamente [...]

Y que se yo si la costumbre de que las Mugerres empollen los huebecitos de las Palomillas de la Seda, y que los hagan revivir a sus Pechos, vino de que en el primitivo Pays de la seda eran las Mugerres las depositarias de esta manufactura?³⁷

Digo esto porque mi Pensamiento es que todo genero de Mugerres se dedique a ese tan util exercicio. Claro está que una sola Madre de familias no podrá promover grande cria de Gusanos.

No me opongo á que algunos juntando caudales se unan para criar muchos Gusanos de seda, teniendo mucho territorio para Moreras; en ese caso no alcanzan los Pechos de las Mugerres para hacer revivir tanta infinidad de huevecitos. Y asi se han de hacer revivir con el Sol, con estiercol o con el calor del fuego de brasa graduado segun algun termometro curioso [científico]³⁸.

Es infinito el numero de mugeres que ay en Galicia. Sucede, que muerto el marido, que comia de algun vitalicio empleo, queda la pobre Viuda con 5 o 6 hijas, sin tener con que alimentarías. Y es la razon porque no vivian de trabaxar en el campo; ni lo que todas podran trabaxar en Casa, les alcanza para Sal, soy testigo de que gente muy onrada, y Virtuosa padeze muchas miserias; aun trabaxando de Rueca; de Aguja; y de Palillo todo el dia [...] La viuda cargada de hijas en Madrid tiene muchos arbitrios para solicitar limosnas y socorros. No asi las Viudas de Galicia, que ni tienen rentas, ni heredades; ni tampoco viven entre gentes, que las puedan aliviar de sus miserias.

³⁶ SARMIENTO, Fr. Martín, Vol. 1º de la Obra de 660 Pliegos, o.c., fol. 480.

³⁷ SARMIENTO, Fr. Martín, *Pensamientos Crítico-Botánicos...*, o.c., fol. 105-109.

³⁸ SARMIENTO, Fr. Martín, *Pensamientos Crítico-Botánicos...*, o.c., fol. 109.

Tengo calculado, que el util que se saca de una dozana de Moreras, es suficiente para que una Muger, se alimente con decencia todo un año³⁹.

Refírese Sarmiento, na cita anterior, ó fortísimo imposto sobre o sal que obrigou ás mulleres das clases populares das zonas costeiras galegas a amasar o pan con auga do mar. O ilustre bieito oporase repetidamente a tal imposto e esta será unha das razóns polas que non quererá ser membro da Academia de Agricultura da Coruña, que pretendía financiarse aumentándolles o devandito imposto ós labradores. Non parece que o seu pensamento, oposto á explotación do xénero humano e especialmente á das mulleres galegas, fose precisamente retrógrado.

ACHEGAS DAS MULLERES Á CIENCIA E Á TÉCNICA

Desvela Sarmiento que moitos coñecementos e inventos foron debidos ás mulleres. Esta é, actualmente, unha das liñas de investigación dos estudos sobre Ciencia e Xénero, que se concreta en recoller as achegas que desde o traballo doméstico ou das actividades artesás, tradicionalmente en mans de mulleres, se fixeron ás ciencias e ás técnicas. De entre eles seleccionáronse os referentes á seda, o xabrón e o coñecemento das plantas, ante a imposibilidade de realizar un estudio exhaustivo.

Precursoras do sistema de Linneo

Trátase neste caso de erixilas nada menos que en precursoras do sistema sexual de Linneo. Cando frei Martín escribe algúns dos textos que se reproducen, pertencentes o seu escrito *Sobre el vegetable llamado Seyxebra*, corre o ano 1762. Neste tempo estanse a producir apaixonados debates sobre a maneira de clasificar as plantas, os animais e os minerais, entre os partidarios dos chamados sistemas naturais e os dos coñecidos como artificiais. O botanista sueco Linneo, representante destes últimos, basearase en coñecementos anteriores e utilizará unha nomenclatura binomial clasificando as plantas segundo unha característica, a dos seus órganos reproductivos. Pola contra, o francés Buffon servírase dun sistema natural de clasificación, tomando como referencia diversas características visibles.

Non é este o lugar para desenvolver tan complexas polémicas, inzadas de consideracións filosóficas e teolóxicas que hoxe parecen alleas ás ciencias da natureza, pero cómpre salientar que a finais do século XVIII aínda non era ben coñecido o sistema de reprodución sexual das plantas. Desde sectores retrógrados arremétese

³⁹ SARMIENTO, Fr. Martín, Vol. XI, Col. Dávila, Ms. 20387, Biblioteca Nacional, Madrid, fol. 140.

contra esta concepción acusándoa de ser pouco casta. Frei Martín Sarmiento que coñece practicamente todas as obras dos botanistas e naturalistas e mantén relación epistolar con Linneo a quen envía mostras de minerais, e que recibe na súa cela ós discípulos deste, Alstroëmer e Löefling, cando visitan España, mófase das acusacións que se lle fan ó sistema sexual de Linneo, dicindo:

No puede estar mas claro el Maridage de las plantas. Algunos han mirado el Systema sexual de Linneo como nuevo y poco casto⁴⁰.

La proporcional analogía entre la Generacion de los Vegetables, y la de los Animales, o viviparos, u oviparos, se tomó por pretexto para censurar el Methodo Sexual de Linneo, por poco casto, y honesto [...] Este reparo ó es ridículo, ó se podrá oponer al Methodo Sexual de los Animales⁴¹.

O ilustrado galego, afervorado defensor dos inventos útiles para a humanidade, apreciará as aplicacións do sistema do sueco para a hibridación das plantas, moi superior á práctica dos enxertos. Confesa que el non cría no sistema sexual pero que a forza de ler os impugnadores de Linneo e multitude de obras antigas e modernas, conclúe que sen ese sistema sería inintelixible a propagación das plantas. E, así, pescudando e pescudando, descobre que as mulleres xa coñecían de maneira empírica a reprodución sexual dos vexetais e facían uso dela. Escoitémolo cando refuta a un dos impugnadores de Linneo:

[...] TAMPOCO CREA ALSTON, QUE ES INVENCION NUEBA, EL JUNTAR MACHO, Y HEMBRA EN LOS PISTACHOS. ESA MEZCLA NO LA HAZEN LOS SYSTEMISTAS MODERNOS; SINO LAS MUGERES, Ó VIEJAS DE SICILIA, COMO DICE EL P. BOCONI. TESTIGO Y DOCTISIMO EN ESTAS MATERIAS⁴².

As actividades téxtiles das mulleres

Para comprender o interese do frade galego na actividade téxtil das mulleres é preciso facer referencia á tradición galega neste campo. Esta centrábase desde a Idade Media na transformación do liño, que servía como vestido e tamén para exportar a outros mercados da Península Ibérica. Traballábanse tamén outras fibras como a seda e a lá, pero a súa importancia era menor.

⁴⁰ SARMIENTO, Fr. Martín, *Onomástico Etimológico de la Lengua Gallega*, Tip. Regional, Tui, 1923 fol. 381

⁴¹ SARMIENTO, Fr. Martín, Vol. XI, Col. Dávila, o. c., fol. 56

⁴² SARMIENTO, Fr. Martín, Vol. 1º de la Obra de 660 Pliegos, o.c., fol. 480.

O liño é unha fibra forte de fácil branqueado que non absorbía demasiado a sucidade. Ademais, podía elaborarse de diferentes maneiras, desde as bastas estopas e lenzos ordinarios ata as mantelerías e outros finos tecidos utilizados polas clases poderosas. Os produtos baratos eran consumidos, non só no eido privado senón tamén polo Exército e a Mariña para o vestido dos seus efectivos.

O proceso técnico utilizado era basicamente o mesmo desde a Idade Media. Despois de recollido e secado o liño, había que preparar a fibra para o fiado. Separábase a semente do tallo, para poder aproveitar unha e maila outra; despois púñase a planta a macerar en auga empozada, para extraer a fibra da cana. O mazado (agramado) consistía en completar o proceso anterior batendo unha maza ata rachar ou esmagar a cana. Coa espadela (coitelo de madeira) arrincábanse o que aínda puidese quedar agarrado á fibra e, por último, "asedábase" cun rastiño, quedando así unha parte do liño "en cerro" e, no rastiño, a estopa para tecidos bastos ou calafateo de embarcacións.

O liño quedaba así preparado para o fiado, traballo exclusivamente feminino, o mesmo que o mazado, que se realizaba por medio do fuso e da roca. O torno, xa coñecido en Europa, case non se usaba en Galicia, onde os intentos de introducción fracasaron.

As razóns deste fracaso parecen ter fácil explicación. Dunha banda, o prezo dun torno era moí superior ó da roca e o fuso, xa que estes últimos se podían construír na casa sen ningún desembolso. A outra razón era a dificultade de transporte do torno, mentres os outros instrumentos permitían compatibilizar o fiado con outras actividades como a de coidar o gando ou algunhas faenas agrícolas.

Este predominio da roca implicou unha menor produtividade respecto ás zonas de fiado ó torno e o carácter exclusivamente feminino do oficio traducíuse nunha menor remuneración do traballo das fiadeiras. O seu traballo será considerado como auxiliar, como ocupación do tempo "libre" das mulleres, aínda que moitas delas estivesen dedicadas a el durante a maior parte do día. No Catastro do Marqués de la Ensenada case non aparece o oficio de "hilandera", xa que se considera unha actividade complementaria na actividade principal da familia, agrícola ou pesqueira.

Sarmiento insistirá na necesidade de substituír o fuso e a roca polo torno de fiar. Para tal efecto enviará un ó seu irmán Xabier, pero parece que quedou abandonado nalgún faiado:

En él va el torno de mesa para las señoras que se divierten en hilar, como lo vi yo a la Marquesa de Sarria [...] y no tanto le remito para que hile Farruca, cuanto para que ahí se hagan a su imitación otros muchos tornos [...]

Si por ahí se pensase en el bien público, otros visos tomaría ese país. Acá toda la lana se hila a torno y en León la mayor parte del lino. Mala es la lana de ese país, pero en mis 25 pliegos podrás leer que se podría hacer menos mala [...]

COMUNICA TODO LO DICHO A MUCHOS Y A MUCHAS, PUES TENGO VIVOS DESEOS QUE AHÍ SE INTRODUCAN LOS DICHOS TORNOS⁴³.

Fai alusión, o monxe bieito, á Marquesa de Sarria e Condessa de Lemos, Rosa María de Castro Centurión. Foi esta unha muller notable, camareira maior de sucesivas raíñas e fundadora dun dos primeiros salóns madrileños, aberto en 1749 no seu propio pazo. Alí naceu un novo modelo de muller aristocrática, erudita e mecenas á maneira europea do momento.

As lavandeiras: inventoras do xabrón

O proceso do branqueado era fundamental para a industria téxtil en toda Europa. Consistía en poñer a cocer o fío con cinzas de carballo ou viña, lavándoo despois para tirarlle os posibles lixos. Noutras zonas facíase pola acción do sol, estendendo os tecidos cunha disolución de herbas saponarias nos prados, ou ben coa axuda de leite callado, pero unha vez que os teares hidráulicos e os fusos mecánicos substituíron o torno de fiar, nas rexións afectadas pola Revolución Industrial, foi preciso buscar un método de branqueado máis eficaz e rápido para atender a enorme produción textil.

A finais do século XVIII deuse cun método de branqueo baseado no cloro, combinando ácido sulfúrico con cloruro de sodio, producindo clorhídrico, a partir do que se pode obter o cloro, pero tiña a desvantaxe do seu poder corrosivo. A primeira solución foi a obtención de lixivia, que se obtén facendo pasar cloro por unha disolución ó 15% de hidróxido de sodio, que inmediatamente se utilizou na limpeza doméstica. Por estas mesmas datas, Charles Tennant obtivo o chamado po branqueador, que se obtiña absorbendo cloro no cal apagado.

Tamén a potasa (carbonato de potasio) e a sosa (carbonato de sodio) foron usadas na manufactura téxtil. Obtíñanse a partir de materias orgánicas, tales como as cinzas de árbores, pero cando se disparou a produción houbo que buscar outros medios.

⁴³ SARMIENTO, Fr. Martín, *Carta a su hermano Javier, Sobre varias cosas que le manda y sobre la conveniencia de introducir el torno para hilar en Galicia, 1758, marzo, 22. Madrid. En Fr. Martín Sarmiento. Epistolario, o.c., pp. 97-98.*

Leblanc (1790) optou a un premio de 10.000 francos ofrecido pola Académie des Sciences de París, co seguinte proceso: trataba sal común con ácido sulfúrico, obtendo sulfato de sodio; a continuación mesturaba o sulfato de sodio con carbonato cálcico e carbón, quecía a mestura, e obtiña o carbonato de sodio ou sosa. Este método impulsou, tamén, a fabricación de ácido sulfúrico.

Este pode ser un bo exemplo das interaccións ciencia-técnica ou ciencia-industria se se prefire. Esta tendencia da ciencia subsidiaria das necesidades da industria manterase ata polo menos a segunda metade do século XIX, na que a Química comeza a desenvolver a rama da Química Industrial.

Os problemas da industria rural galega durante a segunda metade do XVIII, para dar paso á industrialización, tiñan diferentes causas, entre as que cabe citar, unha tecnoloxía estancada en instrumentos e métodos de traballo (fuso e roca, branqueado de fío e non de cru...), de tal maneira que non podía competir nos mercados nos que a mecanización da Revolución Industrial era un feito, nin tampouco co algodón.

Pódese comprobar, xa que logo, que o branqueado dos tecidos era efectivamente de gran importancia para o desenvolvemento da industria téxtil. Respecto desta cuestión, hai que reparar en que o uso do xabón distaba moito de estar xeneralizado no século XVIII, xa que ata a fabricación da sosa artificial polo método de Leblanc (1790), e sobre todo do método Solvay (1863-1866), que é o que se emprega actualmente, se utilizában as herbas saponarias para lavar os tecidos, mentres as sosas naturais, extraídas das cinzas dalgunhas barrillas e doutras plantas dos xéneros *Salicornia* e *Suaeda*, mesturábanse con graxas animais ou aceites, para fabricar xabón en maior escala. Sábese que en Exipto, e tamén en Grecia, se preparaba xabón con fins cosméticos. En Roma, obtíñase partindo de graxas de animais e de cinzas vexetais.

Sempre preocupado polo progreso de Galicia e a mellora da situación das súas mulleres, frei Martín propón experiencias para a fabricación do xabón con base nos coñecementos de autores antigos e modernos, como Geoffroy, Jussieu e Leeuwenhoek (1632-1723), que servirá para o lavado e branqueado de tecidos. Falará da posibilidade de usar outros aceites diferentes do de oliva, que saírían máis baratos. Aínda hoxe en día existen diversos xabóns que se fabrican con aceite de coco, de palma, etc., así que parece que, como case sempre, as propostas de Sarmiento eran atinadas. Reprodúcense a seguir algúns fragmentos da disertación sobre o xabón e as herbas saponarias, que ilustran sobre as contribucións femininas:

Mr. Geoffroy dize de las virtudes y de los usos del Helecho. Supone que de sus sales se haze vidrio.

Y ESTA EL YNGLES MR. RAY, PARA FIRMAR QUE LAS LABANDERAS DE YNGLATERRA QUEMAN LOS DOS HELECHOS MACHO Y HEMBRA, Y QUE DESPUES HACIENDO UNAS BOLAS DE LA MASA, QUE CON UN POCO DE AGUA HAZEN CON LAS CENIZAS, USAN DE ESTAS BOLAS SECADAS AL SOL, COMO SI FUERAN DE XABON, PARA LIMPIAR Y BLANQUEAR LA ROPA DE LIENZO.

FREI MARTIN SARMIENTO

Antonio Leuvenhoek excelente obserbador de las cosas mas minimas, y casi invisibles, por medio de Microscopios; observó, y pintó la figura de las particulas salinas de la Sosa de Ynglaterra, y de Bretaña. No señala la especie de vegetables, que se queman. Creeré que son los dos otros, que nazen en Galicia, la Salicornia, y el Kali espinoso. Habla [...] de las otras dos Sosas para el xabon; y advierte, que para que salga consistente, es preciso mezclarias las sales con un poco de Cal, hecha de conchas Marinas. Es del caso esta advertencia, por asi alguno en Galicia tentare hazer Xabon de las sosas que alli se crian, ó de los Helechos.

Dira alguno, que aunque en Galicia se hallen, y con abundancia, todos los materiales otros, falta para el Xabon el principal, que es el azeyte. No sé quien provará, que el azeyte es simpliciter necesario para el Xabon. De lo que hasta aqui hé apuntado, hemos visto diferents xabones sin azeyte. Oí que en Lima se usaba de Sebo sin azeyte alguno. El xabon que usaban los antiquisimos Franceses, solo se componia segun Plinio de sebo y de Cenizas [...]⁴⁴

A participación en traballos rendibles

Nunha longa disertación sobre a utilidade do papel, a fabricación deste dalle pe ó frade bieito para louvar a ciencia chinesa e a de Exipto, abondando na súa hipótese de que a primeira foi unha colonia exipcia. Non desaproveita a ocasión para velar polo progreso de Galicia e polo bienestar das mulleres galegas:

Los Chinos segun el Padre DuHalde fabrican papel de las Cañas del trigo, y del arroz. No hablo de las cañas del Arroz, que se podrá tentar en Valencia. Pero la tentativa en Cañas de trigo, se podrá hacer en qualquiera Pays, y Yo quiero que se haga en Galicia.

Si como será util, se entablan esos Molinos [de papel], muchas pobres Gallegas se aplicarán á recoger trapo para tener alguna ganancia⁴⁵.

⁴⁴ SARMIENTO, Fr. Martín, *Sobre el xabon y las hierbas saponarias*, Vol XI, Ms. 20387, Colección Dávila, B.N., fol. 109-149.

⁴⁵ SARMIENTO, Fr. Martín, *Vol. 1º de la Obra de 660 Pliegos, o.c.*, fol. 545-579.

A propósito da identificaciónn dunhas cunchas, falará da laboriosidade das mulleres e referirase á recolleita delas nas Illas Maldivas, como unha actividade sumamente productiva:

Esas Conchitas, ó Caracolillos, se llaman Bolis, y Koris [...] Es infinito el numero de las que se cogen en las Yslas Maldivas [...] Es solo egercicio de las Mugerres. Salen [...] cada año, de 30, 40 Barcos [...] Y los Holandeses cargan con muchas para llevarlas á Africa, y hazer alli su comercio⁴⁶.

A posibilidade de que os homes fagan traballos considerados femininos queda plasmada neste texto do século XVIII. Parece que non era estraño que os homes se dedicasen á actividade de facer encaixes de palillos nese tempo pero seguramente hoxe resultaría chocante:

HE VISTO HACIA CURCUVION [CORCUBIÓN] Á HOMBRES QUE ESTABAN Á LAS PUERTAS DE LA CALLE HACIENDO ENCAJES EN SU ALMOADILLA, Y PALILLANDO, COMO SI FUESEN MUGERES. EXTRAÑÉ LA NOVEDAD, PERO NO ME REÍ DE ELLA, SABIENDO QUE EL HOMBRE, Y LA MUGER NO SON DOS GREMIOS CON EXCLUSIVA RECIPROCA DE OFICIOS⁴⁷.

Atreverase a propoñer a práctica de oficios ben pouco femininos para as rapazas, tales como o de impresoras, pois opina que serán moi hábiles nel, xa que moito máis difícil é palillar que compoñer para imprimir. Repárese en que hoxe en día as mulleres aínda son ben escasas nas artes gráficas. O texto corresponde ó *Volume 5º de la Obra de 660 Pliegos*, obra que deixou sen rematar ó comezar a perder as forzas en 1769:

Que oficio sera aquel, le sirve para aturdirle mas, que en menos de una semana le podrá aprender y exercer un niño? Poco dixé. Aplicado á una niña, que conozca las Letras. Para hacer Encajes, harto mas difícil es Palillar que componer para imprimir.

EN MI PAIS, UNA RAPAZA, QUE ESTÉ PALILLANDO TODO EL DIA, SOLO GANA SEIS QUARTOS, VENDIENDO EL ENCAJE DEL DIA. QUANTO MAS GANARIAN LAS NIÑAS SI SE METIESEN Á IMPRESORAS? [...] CREI QUE SI AUN NIÑO Ó NIÑA SE LE

⁴⁶ SARMIENTO, Fr. Martín, Vol. 3º de la Obra de 660 Pliegos, o.c., fol. 39.

⁴⁷ SARMIENTO, Fr. Martín, Vol. 3º de la Obra de 660 Pliegos, o.c., fol. 559.

ENTREGASE UNA IMPRENTA Y TUVIESEN EL UTIL Á LA VISTA; SOLO POR ENRREDAR HARIAN MÁS, QUE LOS ZUMARROS, QUE HAN SACADO DEL AZADON. [...]48

SOBRE A EDUCACIÓN CIENTÍFICA DE MULLERES E DE HOMES

Non foi posible dar cunha unha formulación explícita sobre a educación das mulleres na obra de Sarmiento. Nos seus escritos sobre a *Educación de la Juventud* fala case sempre en masculino, e non parece que se refira a unha educación específica para as mulleres, nin tampouco está claro que as inclúa na aprendizaxe das artes-técnicas, aínda que algúns indicios hai, como o de propoñer que sexan impresoras.

A súa defensa da igualdade das mulleres na racionalidade e o recoñecemento das achegas das eruditas de todos os tempos, parece que deberían desembocar de maneira natural nalgunha disertación sobre a educación do sexo feminino. Tamén cabe pensar que, consecuentemente coa proposición de que sexan as mulleres as que escriban os seus propios tratados "del moral", e coñecendo as obras de mulleres ilustres que propuxeron alternativas para esa educación, como as de Ana María Von Schurman, non quixese abordar algo que saía das súas competencias. Así mesmo, non é descartable que participase das ideas ilustradas que só se preocupaban no terreo da práctica pola laboriosidade das mulleres, aínda que esta hipótese non concorde demasiado cos textos sarmientianos que se coñecen.



MARIA WINKELMAN

⁴⁸ SARMIENTO, Fr. Martín, Vol. 5º de la Obra de 660 Pliegos, Colección Medina-Sidonia, Museo de Pontevedra, parágrafo, 6207.

Pero aínda cabe outra suposición: ¿estarían as mulleres incluídas nos seus escritos sobre educación da infancia e da mocidade? Son moitas as ocasións en que pon exemplos tomados das actividades femininas, con propósitos didácticos, sobre todo cando fala do ensino da xeometría, dicindo que as nenas son xeómetras naturais cando fan encaixes. Nunha carta ó duque de Medina-Sidonia propón o estudio desta disciplina para "muchachas y muchachos":

Pero la Araña, hila, texe, y dibuxa, y como que Geometriza. Teniendo yo presente esto, y el modo, como las Muchachas, hacen sus encaxes con la sola combinacion de unos hilos, y que en algun modo Geometrizan, hé pensado yó, que á las mismas Muchachas y á los Muchachos, se les podrá explicar los Elementos de la Geometria, con solo un largo hilo, y con Alfileres, para que clabados formen todo genero de angulos rectilíneos.

Y tomo por asumpto manifestar, lo mucho, que en la Mathematica, se puede explicar, con el solo manejo de un hilo, y algunos alfileres; como las Niñas hacen los encaxes⁴⁹

Nos seus escritos sobre botánica tamén inclúe as rapazas no estudio da historia natural:

[...] Pero por lo mismo de ser Muchachos ó Muchachas de pronta fantasia de feliz memoria innata curiosidad á saber, se deben tener muy presentes para irles enseñando y comunicando los Nombres y observaciones de los Vegetables para perpetuar las noticias de una viva tradicion sucesiva⁵⁰.

⁴⁹ SARMIENTO, Fr. Martín, *Correspondencia Literaria de Varias Cartas escritas al Excmo. Señor Duque de Medina Sidonia. Por el Rmo. P. Maestro Fr. Martín Sarmiento Monge Benedictino en su Monasterio de S. Martin de Madrid. Año de 1752 hasta 1770. (7 de setembro de 1765)*, Biblioteca Nacional, Madrid.

⁵⁰ SARMIENTO, Fr. Martín, *Apuntamientos para un Proyecto de formar en España un Sistema...*, o.c., fol. 15.